

## *Falar do monte veciñal sen coñecemento e con mala fe*

Xosé Alfredo Pereira Martínez

### UN DOS DA XENTE DO MONTE

*“A serra é dos serranos dende que o mundo é mundo,  
herdada de pais para fillos. Quen vier para no-la tirar,  
connosco se ha-de haver”.*

*Quando os lobos uivan, Aquilino Ribeiro.*

Quero empezar con este parágrafo do escritor portugués Aquilino Ribeiro, para dar réplica ao artigo do licenciado en Filoloxía Galego-Portuguesa, o Sr. Xosé María Bouzó Fernández, que baixo o título “Baiona; patrimonio e turismo” foi publicado no nº 3 da Revista de Estudos Miñoranos.

Neste artigo, o Sr. Bouzó Fernández solta pola súa boca, con mañas de pontificador, unha serie de informacións sobre o monte veciñal en man común (en adiante mvmc) e, xa que logo, sobre as comunidades de montes veciñais en man común (en adiante ccmm) que non teñen nin pés nin cabeza. E, ao mesmo tempo, solta a súa lingua a pastar para mentir descaradamente sobre as actuacións das ccmm, que non son outra cousa que a reunión de veciños e veciñas comuneiros que, reunidos en asemblea xeral, deciden de maneira democrática a xestión e a administración dos seus montes.

E se ben no primeiro caso se pode entender por falta de coñecemento sobre a figura do monte veciñal, no segundo caso, se cadra (ou sen cadrar) só se pode entender nunha persoa que dende as alturas conceptúa á xente do monte como uns analfabetos que teñan que ser guiados pola “boa senda”, polos iluminados. Unha cousa é liberdade de opinión e outra cousa é usar esa liberdade para desinformar e mentir.

O que afirma, o que insinúa, o que minte, o que oculta o Sr. Bouzó Fernández sobre os mvmc e sobre as ccmm só se pode entender dende as seguintes posicións:

- Un descoñecemento total da figura do monte veciñal en man común.
- Unha mentalidade urbanita-ecoloxista que ve o monte como unha estampa.
- A mala fe.
- Ou se cadra todas a un tempo.

Posiblemente, ás xentes do monte non nos avala ningunha titulación universitaria. Pero se non lle molesta, e dende o aval que nos pode dar o levar moitos anos

loitando (iso si, dende o anonimato, con esforzo e con traballo, primeiro pola recuperación dos mvmc, logo organizando as ccmm e agora por levar aos nosos montes iniciativas imaxinativas e innovadoras) voume atrever a dar réplica ao seu artigo.

## DESCOÑECEMENTO TOTAL DA FIGURA DO MONTE VECIÑAL

Os mvmc son restos de propiedades colectivas, cunha titularidade que lles corresponde sempre aos veciños e veciñas comuneiros, entendendo a estes non como entes administrativos, senón como grupo social que dende tempos inmemoriais vén aproveitando os seus montes. Os mvmc son unha propiedade de dereito xermánico. Non son bens públicos, nin son bens privados. Son bens privados de titularidade colectiva. E a súa xestión e administración correspóndelle aos veciños e veciñas comuneiros, decidida de xeito asembleario, é dicir, democrático. (Ás veces pode resultar que a decisión democrática dos “do monte” non coincide coa opinión dos “sabios”. Pero a democracia é a democracia; ou aceptámola e asumímola, ou rachamos a baralla).

Os mvmc son, xa que logo, unha propiedade dos veciños e veciñas comuneiros dun lugar, unha aldea ou unha parroquia. Está vostede moi equivocado cando di que a xestión do monte se lle dá a unha comunidade de montes. A xestión do monte é da comunidade de montes, non se lle dá; é. No seu descoñecemento total sobre a figura do monte veciñal en man común pide vostede unha aberración. Pide unha volta ao pasado. Solicita, nin máis nin menos, que as administracións teñan un control sobre as decisións dos veciños e veciñas comuneiros.

A fórmula que pide vostede xa foi aplicada (non é pois nada orixinal). A ditadura franquista (esa mesma que asasinou aos da curva dos nove, dun dos cales asasinados é descendente quen isto escribe) no ano 1941 promulgou a Lei Hipotecaria. Mediante esta lei os mvmc fóronlle roubados aos seus lexítimos donos, os veciños e veciñas comuneiros, e fóronlles entregados aos concellos (administración). Logo, no 1946, a mesma ditadura franquista promulgou a Lei do Patrimonio Forestal Español. Mediante esta lei o monte galego foi destinado para plantacións de especies arbóreas de crecemento rápido (piñeiros e eucaliptos) para fornecer de materia prima ás celulosas. Estas dúas armas xurídicas foron as que fixeron que o monte galego chegase aos nosos días como chegou (a metade en estado de abandono e a outra metade con case monocultivo).

Ningunha das ccmm do Val Miñor, dende que se logrou que os mvmc fosen devoltos aos seus lexítimos donos nos anos 70/80, plantou eucaliptos nos seus montes. E iso a pesar de que hai uns seis anos a Consellería de Medio Ambiente (unha das administracións que segundo vostede tiña que controlar as decisións dos veciños e veciñas comuneiros) subvencionaba a plantación de eucaliptos. Ese monte que vostede tanto critica é o produto da política forestal da ditadura franquista que municipalizou totalmente os mvmc. As ccmm do Val Miñor o que están a facer é pór as bases para camiñar cara a outro tipo de monte. Pero ¡ollo!, un monte axustado en primeiro lugar ás demandas dos veciños e veciñas comuneiros, os seus lexítimos donos; e en segundo lugar, axustado ás demandas da sociedade en xeral, que sen ser dona dos montes, tamén é beneficiaria das súas funcións.

Está vostede moi preocupado pola posible instalación dun campo de golf nos montes do Val Miñor. Pois saiba que se aínda non está instalado é pola decisión dos veciños e veciñas comuneiros. Intereses económicos e especulativos levan dende hai máis de quince anos tentando montar un campo de golf. Empezaron na parroquia de Chandebrito e agora están na parroquia de Baiña. Se eses intereses económicos e especulativos aínda non o lograron, foi porque (agás a parroquia de Donas, onde, debido a unha proposta do grupo municipal do BNG de Gondomar, se situou a zona na que se ía asentar o campo de golf como unha reserva natural ou similar no PXOU) os veciños e veciñas comuneiros das outras parroquias non estaban polo labor. Porque aínda que lle pareza mentira, os do monte sabemos defender o monte.

Se, como vostede pretende, as administracións, sobre de todo as locais, tivesen capacidade para decidir sobre os mvmc, o campo de golf xa sería hoxe unha realidade. Polo tanto, non me queda moi claro se vostede está a favor ou en contra de que se instale un campo de golf non montes do Val Miñor.

Os mvmc son unha propiedade dos veciños e veciñas comuneiros, reitero. A decisión de que facer cos seus montes, dentro do concepto de sustentabilidade, de multifuncionalidade e dun marco político-económico-social axeitado ao país, correspóndelle única e exclusivamente a eles, tendo mesmo dereito a errar. Ninguén alleo aos veciños e veciñas comuneiros deben xestionar e administrar estes bens.

A historia dos montes veciñais en man común, esas propiedades nin públicas nin privadas, “esa outra forma de posuír”, é unha loita constante dos veciños e veciñas comuneiros para lograr que este tipo de propiedade especial sexa o que sempre foi: unha propiedade veciñal. Por analizar só os tres derradeiros séculos, podemos dicir que no século XIX se loitou contra as leis liberais desamortizadoras que puxeron a venda os mvmc, por entender que eran obras mortas. No século XX loitouse contra a municipalización destes bens e pola súa devolución aos veciños e veciñas comuneiros. E no século que andamos, no século XXI, cómpre seguir loitando para impedir que os mvmc sexan privatizados. É dicir, sacados aos veciños e veciñas e pasados a mans de intereses e especuladores.

Aos veciños e veciñas comuneiros ninguén lles dá a xestión e administración dos seus montes, senón que xa é deles; lograda con loita e con esforzo. Así o fixeron os nosos devanceiros, e así tentáremolo facer os veciños e veciñas comuneiros de hoxe.

#### **MENTALIDADE URBANITA-ECOLOXISTA QUE VE O MONTE VECIÑAL EN MAN COMÚN COMO UNHA ESTAMPA**

O monte, e moito menos o mvmc, non é unha estampa. Non é unha foto-fixa. O monte, e sobre todo o mvmc, é dinámico. Está, ten que estar intervido pola man do ser humano. De entendermos, como entenden moitas comunidades de montes veciñais en man común, que o futuro do monte veciñal en man común pasa pola súa relación co desenvolvemento local e rural, coa economía social co obxectivo de que seña un medio de vida e de que fixe poboación no medio rural, o monte ten que estar intervido pola man do home e da muller.



Débese compatibilizar os usos das tres funcións que todo o monte debe cumprir: a social, a económica e a ecolóxica.

Ten que haber unha actuación para que se desenvolvan todas as súas potencialidades (gando, produtos agrícolas, madeira, paisaxe, patrimonio histórico-artístico, aproveitamento da biomasa forestal, turismo rural e natural, sendeirismo...). Actuación para que estas potencialidades beneficien en primeiro lugar aos veciños e veciñas comuñeiros, e en segundo lugar á sociedade galega en xeral. Só que o desenvolvemento das potencialidades do monte, do monte veciñal en man común, cómpre facelo, como tentan de facer as cmvmc, baixo o concepto da sustentabilidade, e compatibilizando os usos das tres funcións que todo o monte debe cumprir: a social, a económica e a ecolóxica.

Agora ben, a capacidade de decisión para desenvolver todas as potencialidades dos montes veciñais en man común correspóndelle só aos veciños

e veciñas comuñeiros. Non aceptamos, como insinúa vostede, que por riba das comunidades de montes veciñais en man común (ignorantes elas) teña que haber un guía, un gurú, un iluminado que vixie, e se acaso impida os acordos das comunidades de montes. ¿E quen vai ser ese iluminado, ese guía? Vostede. Un amigo de vostede. Un amigo de vostede con titulación universitaria. Porque insinúa vostede que para ter coñecementos hai que ser titulado. Ben, pois dígolle que non, que isto non é verdade.

Non se pode ir visitar o monte coa mentalidade de urbanita-ecoloxista, que canso do traballo e queimado polos ruidos da cidade busca un monte bucólico, ideal e xa que logo inexistente. Un monte cheo de fragas, soutos, sen pistas forestais, onde os paxariños cantan e as nubes se levantan. Non. O monte veciñal en man común galego historicamente foi o soporte do complexo agro-gandeiro, no que o aproveitamento da madeira tiña só un uso residual (para facer mobles, apeiros de labranza e vivenda). E este ser soporte do complexo agro-gandeiro significaba intervir no monte en labores de estivadas, cavadas, rozadas.

As cmm do Val Miñor non destruíron ningunha fraga, nin ningún souto. Simplemente non os había, ou había moi poucos. As cmm do Val Miñor non plantaron eucaliptos nos seus montes. Estes, así coma os piñeiros, son o produto da reboación forestal levada a cabo cando os mvmc estaban nas mans dos concellos. Agora ben, nas cmm pretendemos ser realistas. Queremos aproveitar o monte que temos para lograr o monte que queremos. Non imos arrincar os eucaliptos porque si. Ímonos aproveitar do seu valor.

Agora ben, se vostede tivese a delicadeza de falar coas comunidades de montes

e de ollar os seus plans de ordenación do monte, ao mellor cambiaría o seu concepto sobre as mesmas. Poderíanse pór moitos exemplos, pero vou falar dun que coñezo ben. A comunidade de montes da parroquia de Sta. Cristina da Ramallosa (no concello de Baiona) estaba desarborada nun 77% cando a recuperaron os veciños. Hoxe, quince anos máis tarde, está repoboada no 100% (50% eucaliptal, 40% de piñeiro e 10% de frondosas). No plan de ordenación deste monte veciñal, está previsto que nun prazo de 25 anos (o ritmo do monte é lento, sabe vostede) estea repoboado nun 60% de frondosas, nun 35% de piñeiros e nun 5% de arborado de ribeira. Ademais, nese plan de ordenación do monte contéplase: áreas de lecer, aproveitamento do gando, rotas de sendeirismo, posta en valor do patrimonio histórico-arquitectónico.

Considera vostede que as pistas forestais son un atentado ecolóxico, ou pouco menos. As pistas forestais valen para retirar mellor a madeira dos montes (e os cartos da madeira invístense en mellorar de xeito colectivo a vida dos veciños e veciñas comuneiros). E valen tamén para poder chegar coa ferramenta adecuada aos lugares con lume para combatalo eficazmente. No ano 1989 o monte veciñal en man común da parroquia de Belesar ardeu no 80%. ¿Sabe cal foi o motivo dese desastre económico e ecolóxico, ademais da ineficacia dos servizos anti-incendios da Xunta de Galicia? Pois que non se puido chegar ao foco do lume por non haber un quilómetro máis de pista forestal. Ante o posible erro de facer uns cantos quilómetros de máis de pistas ou non facelas e que arda o monte, ¿que quere que lle diga?: eu opto pola primeira opción.

A mentalidade urbanita-ecoloxista non concibe que “os do monte teñamos coñecementos, saberes”. Dicur que os veciños e veciñas da parroquia de Sta. Cristina da Ramallosa non sabemos da existencia do denominado Camiño Real de non ser por uns promotores que lle puxeron este nome a unha urbanización a rentes deste camiño é confundir a lúa cos collóns do porco. Os veciños e veciñas sabemos dese camiño, como sabemos que o monte veciñal da parroquia é atravesado por unha calzada de pedra. Non en van, este camiño está dentro da rota denominada “Sendeiro dos Petroglifos” que deseñou a comunidade de montes da parroquia.

## A MALA FE

O monte veciñal en man común, a pesar de ser un feito diferencial do noso país, é o gran descoñecido de Galicia. Os medios de comunicación galegos, os creadores de opinión, soamente falan dos mvmc cando hai algunha catástrofe (lumes, pragas...), ou cando hai liortas tribais (enfrentamento entre comunidades de montes, entre comuneiros, con outros sectores...). Nada falan de todo un labor social, económico e ecolóxico que desenvolven estas comunidades. Iso si, con moito traballo e esforzo e dende o anonimato. E vostede, Sr. Bouzó, cae na mesma mala fe (ou se cadra no mesmo erro).

Aparte de verter grandes mentiras, que mesmo son de xulgado de garda, como afirmar que nos montes do Val Miñor se cortaron os carballos que están na entrada do encoro de Baíña, cando estes carballos viñeron da provincia de Lugo dun monte que se cachou para facer pastos; ou cando afirma que as comunidades de

montes de Baredo e Belesar gastaron cartos en obras desafortunadas ou mesmo aberrantes (lavadouros das dúas parroquias), cando iso foi obra do concello de Baión: aparte destas informacións falsas, e seguramente feitas de mala fe, non informa para nada das actuacións das comunidades de montes do Val Miñor, que son moitas. Ocultar información é manipular, e ser tendencioso e demagogo.

Nas comunidades de montes veciñais somos conscientes de que nas moitas actuacións que realizamos cometemos erros. Somos os primeiros en recoñecelos. Pero só comete erros quen fai cousas. E como, aínda que lle pareza mentira, “os do monte” tamén temos o noso orgullo, permítame enumerar algunhas das actuacións das comunidades de montes do Val Miñor, aínda que só seña para que cando fale do monte veciñal en man común e das comunidades de montes o faga con coñecemento. Non as vou enumerar todas porque saíría o número desta revista monográfico. Velai ten vostede algunhas de ditas actuacións:


- A Mancomunidad de Montes Veciñais en Man Común do Val Miñor, que agrupa a 15 das 19 cmvmc que hai na bisbarra do Val, data do ano 1992, e leva funcionando de xeito ininterrompido dende o ano 1996. Isto é unidade, debate, cohesión social, democracia, organización da sociedade civil.
- Dende o ano 1996 dita Mancomunidad mantén na tempada de verán unha ou dúas cuadrillas (8 ou 16 persoas cos seus medios e material correspondente) para a loita contra os lumes forestais. Por certo, con bastante éxito, xa que dende hai cinco anos os montes do Val non sufriron ningún incendio forestal. E en certas tempadas mantén unha cuadrilla (6 homes co material adecuado) para traballos silviculturais (rozas, podas, clareos...). Isto é creación de postos de traballo, desenvolvemento da economía local e rural, defensa e protección do medio.
- A Mancomunidad do Val Miñor realizou a súa parte de recuperación da microtoponimia dos montes e das parroquias. Que o traballo non saise aínda á luz débese a que a administración pública (esa que segundo vostede ten que ser o guía, o gurú das comunidades de montes) non fixo de momento a parte que lle correspondía. Isto é defensa da nosa identidade, da nosa cultura, da nosa historia.
- A Mancomunidad do Val Miñor leva a cabo cada dous anos xornadas dedicadas ao monte e ao medio. Isto é divulgación da figura do monte veciñal en man común e debate das súas potencialidades.
- A Mancomunidad ten elaborado así mesmo un estudo sobre o aproveitamento da biomasa forestal para a produción de abonos e os estatutos para o aproveitamento racional do gando nos montes do Val. Iso é presentación de iniciativas innovadoras.
- As comunidades de montes veciñais en man común do Val invisten en traballos do monte (plantacións, podas, clareos, rozas, mantemento de pistas...) unha media de 40.000.000 das antigas pesetas cada ano. Mesmo hai algunha comunidade que mantén persoal traballando todo o ano. Moitas destas comunidades cando fan corta de arborado fano co método de entresaca, non a matarrasa. Isto é sustentabilidade e desenvolvemento local.

- A desaparición dos vertedoiros de lixo non montes veciñais en Camos e Peiteiros debeuse á loita dos veciños e veciñas comuneiros destas parroquias, tendo en contra os concellos respectivos, e moitas veces dos partidos políticos que formaban a súa corporación. Isto é defensa do medio.
- As comunidades do Val dende hai moitos anos, e en colaboración cos axentes forestais da zona, levan facendo campañas de divulgación forestal entre os nenos e nenas en idade escolar. Isto é educación ambiental.
- As comunidades de montes de Chandebrito e de Vincios editan libros sobre a historia e contos e lendas da parroquia. Isto é divulgación da nosa cultura.
- Moitas das comunidades de montes do Val manteñen os centros socio-culturais das parroquias e todas as actividades culturais e deportivas que nelas se celebran.
- As comunidades de Belesar, Chaín, Baiona e Baiña manteñen áreas de lecer para gozo de toda a cidadanía. Isto é desenvolvemento da función social do monte.
- As comunidades de Baredo e Priegue teñen nos seus territorios rotas para a práctica do sendeirismo; e as de Sta. Cristina da Ramallosa e Borreiros teñen orzamento aprobado para levar adiante a posta en valor do conxunto arqueolóxico “Outeiro dos Lameiros” e “Castro de Pedra da Moura” respectivamente. Isto é conservación e divulgación da nosa historia.
- E así poderíamos seguir falando, pero por hoxe toca rematar.

## OU SE CADRA, TODAS AO MESMO TEMPO

Como resulta que, ás veces, “os do monte” somos bos e xenerosos, imos supoñer que todo o que vostede escribiu, sobre o monte veciñal en man común e sobre as comunidades de montes veciñais en man común, foi motivado por unha mestura de todas as posicións indicadas no principio deste escrito. Baixo esta perspecti-

As comunidades de montes de Sta. Cristina da Ramallosa e Borreiros teñen orzamento aprobado para a posta en valor do conxunto arqueolóxico “Outeiro dos Lameiros” e “Castro de Pedra da Moura” respectivamente. Na imaxe membros das xuntas rectoras das comunidades de Santa Cristina e Baiña observando a limpeza e cercado dos petroglifos de “Outeiro dos Lameiros”.



va permítame, Sr. Bouzó, brindarlle algunhas recomendacións para cando goste falar destes temas.

Permítame recomendarlle a lectura dos seguintes libros: O Monte é noso do grupo Cies, *O monte en Galicia* de Xesús Balboa, os libros do “I e II Congreso Galego de Comunidades de Montes” da Organización Galega de Comunidades de Montes.

E permítame aconsellarlle que, antes de falar do monte veciñal e das comunidades de montes, fale cos veciños e veciñas comuneiros. Fale cos membros das xuntas rectoras das comunidades de montes. Vexa os seus plans de ordenación, os seus proxectos, as súas actuacións. De seguro que falará do monte veciñal e das comunidades de montes doutro xeito. De xeito máis real. Máis obxectivo.